



## DOCUMENTO DE RECOMENDACIÓNS HIXIÉNICO-SANITARIAS NO DESENVOLVEMENTO DAS ACTIVIDADES DA CAMPAÑA DE VERÁN DA XUNTA DE GALICIA 2022 E DAS ACTIVIDADES DE OCIO EDUCATIVO E DE TEMPO LIBRE

### 1. INTRODUCCIÓN

A posta en marcha dos campamentos da Xunta de Galicia durante o verán de 2022 axudaralles un ano máis ás familias galegas a conciliar, e aos mozos e mozas a poder desfrutar de actividades de ocio e educación non formal. Pero estas actividades deben adecuarse, tal e como se leva facendo desde o inicio da crise sanitaria, ás recomendacións das autoridades sanitarias.

Pese a que á situación sanitaria e epidemiolóxica é moito máis favorable que en anos anteriores, a raíz, entre outras medidas, da campaña de vacinación masiva que conseguiu protexer á poboación, a pandemia non rematou, polo que resulta necesario un comportamento social de cautela e autoprotección e débense, polo tanto, seguir adoptando determinadas medidas de prevención orientadas a conter a propagación do virus da COVID-19, que serán tamén de aplicación ao desenvolvemento da programación da Campaña de Verán 2022 da Xunta de Galicia e ao resto de actividades de ocio educativo e de tempo libre. O plantexamento baséase, fundamentalmente, nas premisas de hixiene frecuente das mans; limpeza, hixiene e ventilación dos espazos utilizados e recomendación do emprego de máscara en determinados supostos.

A día de hoxe a norma en vigor é a Lei 2/2021, do 29 de marzo, de medidas urxentes de prevención, contención e coordinación para facer fronte á crise sanitaria ocasionada pola COVID-19, conforme á cal todos os cidadás deberán adoptar as medidas necesarias para evitar a xeración de riscos de propagación da enfermidade COVID-19, así como a propia exposición aos devanditos riscos.



## 2. DIRECTRICES SOBRE O USO DA MÁSCARA NAS ACTIVIDADES

O novo contexto epidemiolóxico caracterizado por unha diminución dos casos graves e da letalidade asociada ao SARS-CoV-2, debido en grande parte á elevada cobertura vacinal acadada na poboación, orixinou un cambio na estratexia de vixilancia e control da pandemia cara unha estratexia que dirixa as actuacións a persoas e ámbitos de maior vulnerabilidade e monitorice os casos de COVID-19 graves e nos casos anteriormente citados, aceptando un nivel controlado de transmisión en grupos menos vulnerables.

Ante esta nova situación epidemiolóxica e de inmunidade da poboación, o Consello de Ministros aprobou o 19 de abril, o Real Decreto 286/2022 polo que se modifica a obrigatoriedade do uso de máscaras durante a situación de crise sanitaria ocasionada pola COVID-19 e polo que o uso de máscaras deixará de ser obrigatorio en espazos interiores, salvo algunhas excepcións. A medida fíxose efectiva o día 20 de abril tras a súa publicación no Boletín Oficial do Estado.

Cómpre ter en conta que o uso da máscara mostrouse efectivo no control da transmisión da COVID-19, sendo a principal medida de prevención fronte á enfermidade. A pesar dos inconvenientes asociados ao seu uso (incomodidade, dificultade para respirar, aumento de afeccións cutáneas, etc) a cidadanía comprendeu o valor desta medida e a adherencia ao seu uso mantívose moi alto ao longo da pandemia.

Esta cultura de protección non só individual senón tamén colectiva, debe continuar co fin de protexer ás persoas vulnerables, e é por este motivo que o emprego da máscara segue a ser útil para axudar a diminuir o risco de infección destas persoas.



Tras a publicación do Real Decreto 286/2022, do 19 de abril, polo que se modifica a obrigatoriedade do uso de máscaras durante a situación de crise sanitaria ocasionada pola COVID-19, segue a haber determinados supostos nos que, con carácter xeral, as persoas de seis anos en diante quedan obrigadas ao emprego de máscaras:

- Nos centros, servizos e establecementos sanitarios
- Nos centros sociosanitarios, fundamentalmente os centros residenciais de maiores e de persoas con discapacidade
- No transporte público.

Polo tanto **non existe obriga legal do uso da máscara nunha actividade de ocio educativo ou tempo libre**, xa que non se trata de ningún dos supostos anteriores.

Non obstante, en Galicia publicáronse unhas directrices sobre o uso da máscara, na que **se recomenda o uso en interiores para:**

1. **Casos sospeitosos e confirmados de COVID-19 e contactos estreitos** de casos.
2. Persoas que pertencen a **grupos de poboación vulnerables** (persoas de 60 ou máis anos, embarazadas, persoas inmunodeprimidas por causas intrínsecas ou extrínsecas) ou contornas onde haxa persoas vulnerables.
3. **Espazos pechados de uso público** nos que non sexa posible manter a distancia de máis de 1,5 metros entre as persoas e non se garanta unha ventilación axeitada.
4. No **ámbito laboral**, e sen prexuízo do indicado polos servizos de prevención de riscos laborais, cando se trate de persoal traballador vulnerable ou cando non se garanta a distancia de seguridade de 1,5 m e a ventilación adecuada.



En todo caso, e por tratarse de situacións asimilables ás dun centro educativo, resulta recomendable, **con carácter voluntario, o uso da máscara no caso das actividades que se desenvolvan no interior das instalacións tanto por parte das persoas participantes coma dos/as profesionais que configuren os equipos técnicos, así como entre o persoal de limpeza e restauración.**

### 3. QUE FACER ANTE SINTOMATOLOXÍA COMPATIBLE COA COVID-19

A recomendación que está en vigor a día de hoxe é a de **non acudir á actividade se as persoas teñen síntomas compatibles coa Covid-19, ou se trata dun caso sospeitoso ou confirmado ou contacto estreito dun caso**, xa que en todos eses casos se deben reducir en todo o posible as interaccións sociais con outras persoas, e usar de forma constante a máscara, evitando actividades que impliquen quitala sen manter a distancia de seguridade con outras persoas, preferiblemente de 2 metros.

Pódese atopar toda a información sobre as instrucións a seguir neste enlace: [Que facer si son un caso ou contacto da covid-19? - Coronavirus \(sergas.gal\)](https://www.sergas.gal/que-facer-si-son-un-caso-ou-contacto-da-covid-19-coronavirus)

E, en virtude do documento de *Medidas de prevención, higiene y promoción de la salud frente a la COVID-19 para centros educativos* dos Ministerios de Sanidade e Educación, e por tratarse de situacións asimilables, **no caso de que durante a actividade unha persoa comece a manifestar sintomatoloxía compatible coa Covid-19**, colocarse unha máscara cirúrxica e contactarase coa familia ou tutores legais, no caso de que a persoa afectada sexa menor de idade, para que acuda á instalación a recollela. Se a persoa é maior de idade, autónoma e se atopa ben, irase ao seu domicilio evitando contactos no traxecto. No caso de presentar síntomas de gravidade ou dificultade respiratoria chamarase ao 061.



#### 4. OUTRAS MEDIDAS DE PROTECCIÓN

Neste contexto no que a máscara non resulta obrigatoria é especialmente relevante lembrar a importancia de manter o resto de medidas de protección que, ao longo da pandemia, se teñen amosado eficaces. Así, a **distancia de seguridade**, a **hixiene de mans**, a **ventilación e evitar as aglomeracións seguen a ter un alto valor protector**.

Por tanto, nas diferentes instalacións continuarase a extremar a limpeza e as medidas de prevención en zonas comúns, comedores ou espazos similares, lavabos e duchas, habitacións/tendas de campaña e salas interiores; e deberanse cumprir as recomendacións en canto á ventilación dos espazos. Tamén se deberán adoptar as medidas organizativas oportunas para adecuar os espazos e o número de participantes co obxectivo de que non se produzan aglomeracións.